

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**12320** *Real decreto 869/2013, do 8 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.*

O Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica, permite aos españois maiores de idade e que gocen de plena capacidade de obrar acreditar electronicamente a identidade e demais datos persoais do titular que nel consten, así como a identidade do asinante e a integridade dos documentos asinados cos dispositivos de sinatura electrónica, nos termos previstos na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

En consecuencia, reúnen no documento nacional de identidade electrónico os dous instrumentos que van permitir levar a cabo, de forma conxunta, as novas utilidades de que vai revestido, que son a identificación e a sinatura electrónica do seu titular.

Recentemente, distintos órganos da Administración xeral do Estado, para conseguir unha maior protección da infancia no uso da internet, mostraron o seu interese en que todos os cidadáns, calquera que sexa a súa idade, poidan acreditar a súa identidade por medios telemáticos, e consideraron que o documento nacional de identidade electrónico podería ser o mellor medio para estes fins.

Dado que tecnicamente é posible a disociación dos certificados contidos no documento nacional de identidade electrónico, parece aconsellable levar a cabo unha modificación do real decreto regulador do documento nacional de identidade, co fin de permitir que todos os cidadáns españois poidan acreditar a súa identidade por medios electrónicos, ao tempo que se reserva a capacidade de realizar a sinatura electrónica de documentos ás persoas con capacidade legal para iso.

Noutra orde de cousas, considérase tamén conveniente introducir cambios en determinados artigos do real decreto co fin de facilitar que os cidadáns poidan presentar o volante ou o certificado de empadramento para a acreditación do domicilio nos supostos das primeiras expedicións do documento nacional de identidade; adaptar a súa normativa reguladora á normativa internacional que poida afectarlle; rebaixar a validez deste documento cando o solicitante sexa menor de cinco anos, tramo de idade en que a fisionomía do seu titular cambia moi rapidamente, e permitir clarificar determinados aspectos da normativa que, actualmente, poden suscitar dúbidas sobre o sentido desta.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2013,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.*

O Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un segundo parágrafo ao número 4 do artigo 1 coa seguinte redacción:

«No caso dos españois menores de idade, ou que non gocen de plena capacidade de obrar, o documento nacional de identidade conterá, unicamente, a

utilidade da identificación electrónica, e emitírase co respectivo certificado de autenticación activado.»

Dous. Modifícanse a letra c) do número 1 e o número 3 do artigo 5, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1.c) Certificado ou volante de empadramento do concello onde o solicitante teña o seu domicilio, expedido cunha antelación máxima de tres meses á data da solicitude do documento nacional de identidade.»

«3. No momento da solicitude, ao interesado recolleránselle as impresións dactilares dos dedos índices de ambas as mans. Se non for posible obter a impresión dactilar dalgún dos dedos ou de ambos, substituirase, en relación coa man que corresponda, por outro dedo segundo a seguinte orde de prelación: medio, anular ou polgar; consignarase, no lugar do soporte destinado a tal fin, o dedo utilizado ou a imposibilidade de obter algún deles.»

Tres. Modifícanse o punto 1 e a letra b) do número 2 do artigo 6, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Con carácter xeral o documento nacional de identidade terá un período de validez, contado desde a data da expedición ou de cada unha das súas renovacións, de:

- a) Dous anos, cando o solicitante non fixese os cinco anos de idade.
- b) Cinco anos, cando o titular fixese os cinco anos de idade e non alcanzase os trinta no momento da expedición ou renovación.
- c) Dez anos, cando o titular fixese os trinta e non alcanzase os setenta.
- d) Permanente, cando o titular fixese os setenta anos.»

«2.b) Por un ano nos supostos do punto segundo do artigo 5 e do mesmo punto do artigo 7 sempre que, neste último caso, non se poidan achegar os documentos xustificativos que acrediten a variación dos datos.»

Catro. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 9, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A entrega do documento nacional de identidade deberá realizarse persoalmente ao seu titular e, cando este sexa menor de 14 anos ou sexa unha persoa con capacidade xudicialmente complementada, levarase a cabo en presenza de quen teña encomendada a patria potestade ou tutela, ou persoa apoderada por estas últimas. No momento da entrega do documento nacional de identidade proporcionarase a información a que se refire o artigo 18.b) da Lei 59/2003, do 19 de decembro.

2. A activación do certificado de sinatura electrónica no documento nacional de identidade terá carácter voluntario e a súa utilización realizarase mediante unha clave persoal e secreta que o titular do documento nacional de identidade poderá introducir reservadamente no sistema.»

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,  
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ